

**RAZÓN DE SER DOS PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS NA VIDA
COTIÁ DUN CENTRO ESCOLAR, PARA DESENVOLVER COMPETENCIAS
LECTORAS E ALFABETIZAR EN INFORMACIÓN**

Rosa Piquín - 2006

"Para os nenos de hoxe, adultos do mañá, ler e escribir xa debería ser manexar a web, elaborar hipertextos, correos electrónicos, conversar a través do chat... ademais de tomar notas con papel e lapis e ler libros de tapa dura"

CASSANY

1. Introducción

A institución escolar necesita afrontar os cambios necesarios para satisfacer as necesidades que demanda a nova realidade social. Formulándose a consecución de obxectivos que ata agora non se formulaba de forma xeneralizada: aprender a aprender, aprender autonomamente, aprender a vivir xuntos, aprender a traballar cooperativamente, formarse e predispoñerse para aprender ao longo de toda a vida, aprender a usar as ferramentas tecnolóxicas, aprender a usar a información e aprender a xerar coñecemento a partir da información.¹

Como docentes, temos que cuestionarnos o porqué e o para que de todo o que facemos. Que imos conseguir traballando directamente coa documentación que non podemos lograr doutro xeito? Quizais a resposta pareza excesiva, pero esta forma de traballo **ensina cidadanía**. O noso alumnado aprende a desenvolverse como persoa no seu medio social. Unha persoa que ten que:

- Discriminar a información relevante da que non o é.
- Saber ler calquera tipo de información en calquera tipo de soporte.
- Ser capaz de entender, de interpretar, de comparar aquilo que le.

¹ UNESCO. (1996) La educación encierra un tesoro: informe Comisión Internacional sobre La educación para el siglo XXI, presidida por Jacques Delors. Madrid: Santillana.
http://www.unesco.org/delors/delors_s.pdf

- Aprender a ser honesta, a ser unha persoa que resume, que cita... pero que non copia, que recoñece e valora o traballo dos autores e autoras dos documentos nos que se inspira.
- Respectar os puntos de vista dos demais, confrontándoos con argumentos e non co desprezo ou o insulto.
- Ser responsable, informándose antes de tomar partido. Pero tomándo cando é necesario.

Entre os nosos obxectivos non só está que o noso alumnado desenvolva certas habilidades procedementais e intelectuais. Iso está moi ben e contéplase en todas as publicacións sobre a biblioteca escolar. Pero non está de máis recordar que non é o noso obxectivo crear tecnócratas nin informáticos. **A educación documental** debe estar ao servizo de metas máis nobres.

E cal é o papel do profesorado? Pois ás veces será un guía, pero outras veces será unha fonte. Non estamos pedindo que renuncie totalmente a métodos expositivos. O profesorado debe decidir que é o mellor en cada momento, sen medo a perder o tempo: axudando a que o alumnado sexa máis lector, máis capaz, fará tamén posible encontrar ocos para librarse da tiranía dos programas.

O incremento do número de fontes documentais e das destrezas requiridas para acceder aos novos medios fai que o labor educativo resulte cada vez máis complexo.

Trátase non só de poñer a lectura ao alcance dos cidadáns, facilitándolles o encontro coa información, senón de ensinarlles a procesala.

Se a escola pretende formar persoas capaces de inserirse eficazmente na sociedade de hoxe, a sociedade da información debe traballar para desenvolver a alfabetización en información, o que supón ofrecerlle ao alumnado, por un lado, a diversidade de recursos informativos hoxe dispoñibles e, por outro, o adestramento necesario en canto ao desenvolvemento das habilidades de información no marco de contextos

reais que permiten integrar as aprendizaxes, propiciando a democratización da información, a igualdade de oportunidades no acceso aos bens culturais, a educación permanente e a autoaprendizaxe.

Debemos facilitar que os nosos estudantes poidan enfrontarse a ese bombardeo de información, sabendo seleccionar a que é relevante, analizala criticamente e construír unha aprendizaxe significativa. Non se trata só de saber atopar a información dunha forma rápida e eficaz, senón de fomentar o **pensamento crítico** e proporcionar os medios para **aprender a aprender**.

A institución escolar debe formar persoas competentes, críticas e con capacidade de traballo autónomo e cooperativo. "O desenvolvemento da tecnoloxía na última década, a xeneralización do seu uso e a súa aplicación á dixitalización, procesamento e distribución da información en todo tipo de linguaxes (textual, audiovisual, sonoro, videográfico etc.), que fai aumentar exponencialmente a información dispoñible e accesible, están provocando unha auténtica revolución con profundos cambios na sociedade, no modelo de organización social, nas formas de ser, pensar e actuar dos individuos e nas súas actividades.

Se os protagonistas dos devanditos cambios son as TIC e a información, eles deben ser a referencia cara á que orientar os cambios da institución escolar, co obxectivo de formar persoas competentes, autónomas e críticas nestes dous grandes ámbitos, dalgunha forma interrelacionados:

- O uso da tecnoloxía (alfabetización tecnolóxica).
- O uso da información (alfabetización en información)².

2. A educación documental en España: antecedentes

Nos anos 90 e seguindo os pasos de Francisco Bernal, pioneiro no noso país no que el denominou pedagogía da información, Félix Benito Morales **configurou a**

² Rodríguez, M.J e Planchuela, D. *Educación, biblioteca y tic en la sociedad da información: reto y compromiso*. En: <http://www.anabad.org/admin/archivo/docdow.php?id=158> [23 de novembro de 2006].

Educación documental como modelo pedagógico para iniciar os escolares no acceso físico e intelectual á información.

"A educación documental artículase arredor de tres variables: pensamento, información e valores, é dicir, aprender a pensar, aprender a informarse e aprender a vivir: aprender a pensar, para aproveitar os recursos mentais para procesar e transformar a información en coñecemento; aprender a informarse, para coñecer as técnicas e utilizar as ferramentas tecnolóxicas que facilitan a localización, manexo e comunicación da información; e aprender a vivir, para ser consciente das necesidades e retos da sociedade da información, adquirir hábitos e actitudes que nos permitan afrontalos e desenvolver unha cidadanía activa".³

Félix Benito elaborou o modelo HEBORI⁴(habilidades e estratexias para buscar, organizar e razoar a información) para o desenvolvemento da educación documental que se basea nas fases que require un proceso de aprendizaxe dende a psicoloxía da instrución e que se concreta en cinco módulos de aprendizaxe.

A educación documental pode desenvolverse dende educación infantil, ver: <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/~sptmalaga/m45b102/media/docum/US08Actinfantil.pdf>.

En primaria: <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/~sptmalaga/m45b102/media/docum/US09Actprimaria.pdf>.

E en secundaria: <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/~sptmalaga/m45b102/media/docum/US10Actsecundaria.pdf>.

³ Benito Morales, F. *La educación documental en la biblioteca escolar*. <http://www.cnice.mecd.es/recursos2/bibliotecas/html/encuen/art3.htm> [23 de novembro de 2006].

⁴ Benito Morales, F. *Nuevas necesidades, nuevas habilidades. Fundamentos de la alfabetización en información* <http://eprints.rclis.org/archive/00004672/02/EMPEUIcap1.pdf> [1 de decembro de 2006].

Por outra banda, Cobos e Álvarez recollen os contidos das diferentes áreas, neste caso da ISO, que teñen relación coa educación documental.⁵

USO DA MEDIATECA	USO DA DOCUMENTACIÓN	HÁBITOS BÁSICOS DE TRABAJO INTELLECTUAL	TRABAJO DE INVESTIGACIÓN	TRABAJO COOPERATIVO
Coñecer o papel que desempeña	Respectar e manexar axeitadamente os documentos	Buscar palabras novas e listar terminoloxía	Recoñecer palabras clave dun parágrafo	Xogar un papel activo
Recoñecer tipos de documentos	Diferenciar partes do libro	Concentrarse	Recoñecer ideas principais nun parágrafo	Non se desviar do obxectivo do grupo
Recoñecer o espazo Localización e sinalización	Diferenciar entre libros de lectura e documentais	Escoitar	Referenciar a bibliografía	Expresarse
Coñecer a clasificación e orde dos documentos	Elixir un libro que guste	Planificar o tempo e ser sistemático no traballo	Recoñecer ideas principais nun artigo	Intercambiar
Recoñecer as partes dunha ficha catalográfica en papel	Usar dicionarios da lingua	Exercitar o xuízo propio	Extraer información do título e do índice	Discutir
Utilizar catálogos de autores e títulos	Usar 2 tipos de enciclopedias	Subliñar	Analizar documentos sinxelos	Organizar distintos tipos de reunión
Utilizar catálogos de materias	Usar dicionarios específicos	Tomar notas	Recoñecer as distintas etapas dunha investigación	Identificar distintos tipos de participantes
Determinar servizos dunha mediateca	Usar outro tipo de obras de referencia	Resumir	Definir obxectivos de busca	Desempeñar o papel que lle corresponda
	Usar bibliografía escondida	Realizar esquemas	Seleccionar a bibliografía necesaria	Elaborar informes das reunións
Diferenciar tipos de bibliotecas	Usar bases de datos	Distinguir entre feitos e opinións	Saber ler superficial e selectivamente	Tomar decisións e chegar a acordos

⁵ Cobos, L., e Álvarez, M. (1998). *La enseñanza de las habilidades documentales y la práctica educativa*. Educación y Biblioteca, 92.

Localizar documentos noutras bibliotecas	Analizar linguaxe musical, cinematográfica, plástica...	Contrastar fontes	Seleccionar información e organizala lxicamente	Expoñer oralmente
Utilizar para o almacenamento de información outros soportes	Buscar información telemática		Citar a pé de páxina	

3. Que modelo de BE serve de marco para contextualizar os proxectos documentais integrados?

"A biblioteca escolar é un recurso educativo ao servizo do currículo e o proxecto educativo do centro e concíbese na actualidade como un espazo dinámico de recursos e servizos de información que cumpre un papel primordial no proceso de ensino e aprendizaxe e, como tal, é un instrumento fundamentalmente de índole pedagóxica que apoia o labor docente. Ten que actuar como centro de recursos **que favoreza os proxectos interdisciplinares** e o traballo en equipo do alumnado e do profesorado, enriquecendo a actividade na aula e facilitando a participación nos programas e proxectos do centro"⁶.

Existe un consenso, cada vez maior, acerca da importancia da biblioteca escolar como un centro pluridisciplinar de actividades e servizos pedagóxicos de soporte ás actividades de ensino-aprendizaxe, cuxo obxectivo fundamental é "avalar e realizar os obxectivos do proxecto educativo do centro escolar e do plan de estudos", a teor das directrices sinaladas no manifesto da UNESCO.⁷

Moitas bibliotecas escolares están experimentando cambios cualitativos importantes nos últimos anos, constituíndose en verdadeiros centros de recursos para o ensino, a aprendizaxe e a lectura, co fin de cumprir o seu importante papel no sistema educativo como **apoio ao desenvolvemento do currículo e como espazos xeradores de instancias de aprendizaxe** e ofrecerlle ao profesorado, ao alumnado e á comunidade educativa recursos variados, estratexias de busca e acceso a numerosas bases de datos.

Trátase dun centro de recursos que pon á disposición da comunidade educativa todos os medios dispoñibles, de moi variado tipo e soporte, necesarios para o desenvolvemento dese proceso de ensino-aprendizaxe.

⁶ ORDE ECI/979/2007, do 3 de abril, pola que se convoca o concurso nacional de boas prácticas para a dinamización e innovación das bibliotecas dos centros escolares para o ano 2007. Ministerio de Educación e Ciencia. BOE núm. 90, 14/05/2007, páx. 16533.

⁷ UNESCO. Manifiesto UNESCO/IFLA sobre a biblioteca escolar.

http://www.unesco.org/webworld/libraries/manifestos/school_manifesto_es.html [23 /11/2006].

Entendendo o proceso de ensino-aprendizaxe como a construción individual e compartida de coñecementos e saberes; coñecemento que se constrúe a través da investigación, da busca de información, do cotexo de fontes, da apropiación da información para a autoformación; en definitiva, supón falar da entrada nas nosas aulas de moitas voces máis alá da do profesorado ou da do libro de texto. Pero tamén é sentar as bases dun aprender a aprender continuo, en tanto en canto se inicia un proceso que vai máis alá do ensino regulado: é unha actitude ante o coñecemento, a adquisición e a construción deste a través da autonomía, o desenvolvemento crítico e de todas as capacidades do alumnado. Todo iso lógrase grazas a un cambio na forma de entender os papeis que neste proceso xogan o alumnado e o profesorado; impulsando un cambio metodolóxico na forma de ensinar para potenciar no alumnado o desenvolvemento da capacidade crítica e comprensiva, o uso de diversas fontes de información e documentación, o tratamento da información e a realización de traballos de investigación".⁸

O papel da biblioteca escolar está directamente relacionado co desenvolvemento do currículo, con todas as actividades desenvolvidas na escola e coas necesidades do alumnado, especialmente no relativo á información.

O concepto de información parece transcender todos os dominios da actividade humana tanto no plano social, económico coma no tecnolóxico, educativo, cultural..., tratándose dun instrumento indispensable para entender actualmente o mundo.

Nesta sociedade da información e comunicación na que nos toca vivir, de grande avance tecnolóxico, sobrecarga de información, novos medios de comunicación, cambios de conceptos educativos e das formas de aprender e ensinar, as bibliotecas escolares asumirán un rol indispensable e central.

"Os centros educativos contan para o desenvolvemento do hábito lector e o manexo da información cunha serie de instrumentos, entre os que o máis importante é o desenvolvemento dos contidos das diferentes áreas e materias, marco axeitado para a aprendizaxe da lectura eficaz e das habilidades que permitan buscar e tratar a información, pero, **ademais, contan cunha ferramenta básica que é a biblioteca escolar**".⁹

A innovación educativa, que se promove co desenvolvemento da biblioteca escolar como centro de recursos para o ensino, a aprendizaxe e a lectura pasa por importantes cambios da cultura escolar de índole organizativa e metodolóxica: a

⁸ Modelo de Biblioteca Escolar. *La Biblioteca Escolar como recurso educativo*. Varios autores. Consellería de Educación y Cultura, Asturias. 2003.

⁹ Orde ECI/979/2007, do 3 de abril, pola que se convoca o concurso nacional de boas prácticas para a dinamización e innovación das bibliotecas dos centros escolares para o ano 2007. Ministerio de Educación e Ciencia. BOE núm. 90, 14/05/2007, páx. 16533.

superación do libro de texto como único referente informativo, o traballo por proxectos documentais, a coordinación departamental e interdepartamental, o establecemento de redes entre bibliotecas escolares e coas bibliotecas públicas, os seminarios ou grupos de traballo multidisciplinares que dinamizan e xestionan a biblioteca, cambios actitudinais nas prácticas ao uso do profesorado...

A biblioteca escolar como centro de recursos "por si mesmo non provoca nin cambios nin transformacións relevantes na cultura de traballo. Outra cousa son as expectativas que se xeren (a capacidade para enchelas) e o interese (e capacitación) do profesorado para facer da biblioteca un recurso que permita a mellora da docencia, o avance metodolóxico e, polo tanto, o reflexo na motivación e a aprendizaxe do alumnado"¹⁰.

Vivimos, queirámolo ou non, nunha sociedade que se caracteriza por ser a sociedade da información e do coñecemento e é precisamente para afrontar os novos desafíos desta sociedade, polo que necesitamos ferramentas como os proxectos documentais integrados/ interdisciplinares.

4. Por que é necesaria a educación documental e a alfabetización en información?

Ata hai moi pouco, unha persoa estaba alfabetizada se tiña desenvolvidas as capacidades para ler e escribir. Na actualidade, estas habilidades non son suficientes. O desenvolvemento da tecnoloxía e das comunicacións posibilita acceder á información en todo tipo de linguaxes: textual, audiovisual, sonoro, videográfico, que esixen novas **competencias lectoras, tecnolóxicas e informativas**.

Que se entende por Alfin?

Atribúeselle a Zurkowski, en 1974, o primeiro uso da expresión Alfin, relacionándoo co dominio eficaz da información dentro dun contexto laboral, posiblemente empresarial e, máis especificamente, coa resolución de problemas. É moi clara e breve a definición do Colexio Británico de Bibliotecarios e Profesionais da Información a CILIP (2004): "Alfabetización informacional é saber cando e por que necesitas información, onde atopala e como avaliala, utilízala e comunícala de xeito ético"¹¹.

A Alfin abrangue o coñecemento das propias necesidades e problemas coa información e a capacidade para identificar, localizar, avaliar, organizar e crear, utilizar

¹⁰ García Guerrero, J. A biblioteca escolar: recurso ao servizo do proxecto educativo. ACTAS do curso "Articulación de recursos no funcionamento da biblioteca escolar". XVIII Cursos de Verán UNED - MEC, Ávila. do 2 ao 6 de xullo de 2007 (en prensa).

¹¹ ¿Que entendemos por Alfin?. En: http://web.educastur.princast.es/proyectos/abareque/scripts/investigamos_alfil_que.php.

e comunicar con eficacia a información para afrontar os problemas ou cuestións formuladas; é un prerequisite para a participación eficaz na sociedade da información e forma parte do dereito humano básico á aprendizaxe ao longo de toda a vida¹².

Para que unha persoa estea **alfabetizada en información** é necesario que saiba facer un uso eficaz e crítico da información na resolución de problemas específicos e, para iso, debe ser **competente nas seguintes habilidades**:

- Delimitar o tema: escribir unha frase, conceptos principais.
- Identificar e seleccionar os recursos de información.
- Buscar en directorios, sitios web, catálogos, bases de datos, buscadores etc.
- Seleccionar e examinar documentos (atopei o que buscaba).
- Avaliar a información.
- Obter a información: extraela e rexístrala.
- Interpretar, analizar, sintetizar a información.
- Facer achegas persoais para obter un produto informativo propio.
- Organizar e redactar o traballo, citando fontes.
- Presentar o traballo.

Como se pode comprobar, todas as definicións relativas ao concepto de Alfin falan en termos de **competencias**.

Segundo o documento GABE-Competencias Básicas e Novo Currículo¹³, trátase de "habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. Inclúe aspectos diferentes, que van dende o acceso e selección da información, ata o uso e a transmisión desta en distintos soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como un elemento esencial para informarse e comunicarse.

Ter información non garante por si só o seu uso axeitado, nin produce de forma automática coñecemento. Transformar información en coñecemento implica analizar, sintetizar, relacionar, facer inferencias e deducións; en definitiva, comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento. Significa, así mesmo, ser capaz de comunicar a información e os coñecementos adquiridos, empregando recursos expresivos que incorporen non só diferentes linguaxes e técnicas específicas, senón tamén as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación".

¹² Declaración de Praga. En:

<http://www.cult.gva.es/dglib/images/DeclaraciondePragaAlfabetizacionInformacional2003.pdf>

¹³ **Tratamento de la información y competencia digital**, pp. 11-12.

http://www.juntadeandalucia.es/educacion/www/portal/com/bin/europa/Contenidos/Documentos/borrador_ed_ciudadania_02/1149769624442_marco_y_descripcion_comp_basicas_6_jun_06.pdf [2 de decembro de 2006].

A educación contemporánea ten un reto moi importante: preparar mestres e estudantes para enfrontarse con posibilidades de éxito á cantidade abafadora de información á que, coa chegada da internet, se pode ter acceso hoxe en día. Este reto esixe o desenvolvemento da alfabetización en información que permita afrontar a busca, avaliación, organización e uso da información proveniente de fontes moi variadas, ricas en contido.

A ALIfin ten profundas implicacións para os mestres, estudantes, bibliotecas e, especialmente, para o sistema educativo. Ponse de manifesto a necesidade de que o alumnado teña a capacidade de definir claramente un tema ou área de investigación; seleccionar para facilitar a busca das palabras claves que expresen o concepto ou tema de investigación; formular unha estratexia de busca que inclúa as diferentes fontes de información e que entenda as formas como estas se atopan organizadas. Pero tamén debe estar capacitado para analizar os datos recompilados co fin de valorar a súa importancia, calidade e conveniencia para, finalmente, converter a información en coñecemento. Todo o anterior debe facilitalo o colexio ou escola e, dentro da institución escolar, como xa se dixo anteriormente, a biblioteca escolar é o lugar idóneo.

5. Recursos documentais da BE

Os recursos documentais da biblioteca escolar son diversos e pódense dividir¹⁴:

- Pola categoría dos documentos.
- Polo tipo dos documentos.
- Pola estrutura.

5.1. Categoría dos documentos

Os recursos documentais da biblioteca escolar agrúpanse en catro categorías, segundo os soportes utilizados.

1.1 Documentos impresos:

libros, periódicos, revistas, fotografías...

1.2 Documentos dixitais:

cd-rom, páxinas web...

1.3 Documentos audiovisuais:

cd, cassetes de audio, videocasetes, acetatos, diapositivas...

1.4 Documentos manipulables:

Globos terráqueos, maquetas...

¹⁴ Tradución de *A pesquisa da informação EB2,3 e Secundario*, documento adaptado polo Gabinete da Rede de Bibliotecas Escolares (Portugal) a partir da páxina web "A recherche d'information à l'école secondaire" <http://pages.infinet.net/formanet/cs/leveille.html> (consultada 12 de novembro de 2003).

5.2. Tipos de documentos

Calquera que sexa o soporte, a tipoloxía do documento cambia en función do modo de organizar e comunicar a información. Uns dan unha información detallada, outros sucinta.

2.1 Documentos xerais:

Libros documentais, biografías, periódicos...

2.2 Documentos de referencia:

Dicionarios, enciclopedias, atlas, anuarios...

5.3. Pola estrutura do documento

En cada documento publicado, independentemente do soporte, o editor ou produtor facilita informacións útiles que lle permiten ao lector determinar rapidamente o contido, o xénero e a actualidade do documento.

A forma de presentar as informacións responde a regras e convencións que se empregan no mundo da edición e produción.

Estas informacións atópanse nas portadas, na primeira páxina das web e na cuberta dos documentos e son: o título, o/a autor/a, o/a ilustrador/a, o/a fotógrafo/a, a editorial, o lugar e a data de edición, o copyright, o ISBN, a lingua de orixe e a tradución.

Por outra banda, nos libros documentais outras informacións permiten saber con máis rigor o contido do documento: índice, sumario, prefacio, introdución, bibliografía...

Paga a pena coñecer como son algúns dos documentos de maior emprego nunha biblioteca escolar. Para iso, pódese consultar:

- Estudar e investigar na biblioteca escolar.
<http://www.pnte.cfnavarra.es/publicaciones/pdf/estudiar.pdf>.
- É de libro. Programa educativo promovido por CEDRO e dirixido ao conxunto da comunidade educativa, para fomentar a lectura, a creación textual e o respecto aos dereitos de autor.
http://www.esdelibro.es/index.php?id_seccion=22.

5.3.1 Normas bibliográficas

As **bibliografías** son un conxunto de indicacións precisas e detalladas que permiten a identificación dun documento.

As **referencias** describen dun modo normalizado os documentos.

As normas para describir un documento son:

- A norma **UNE 50-104 (ISO 690)** que establece os modelos de referencias bibliográficas de monografías, as partes de monografías, as revistas, os artigos de revistas, as normas e as patentes.

– A norma **ISO 690-2**, para citar os recursos electrónicos. Establece os modelos das referencias para as bases de datos, programas de ordenador, revistas electrónicas, artigos de revistas, correos electrónicos etc.

Os datos da referencia tomaranse do documento ao que se refiren: o documento fonte. Extraeranse principalmente da portada e doutras partes da obra en caso necesario.

Para ver algúns exemplos concretos e pormenorizados acerca de como se referencian tanto documentos impresos (monografías, artigos, leis, publicacións en serie, congresos, relatorios de congresos, teses, documentos audiovisuais) como documentos electrónicos (textos electrónicos, bases de datos, programas informáticos, artigos de publicacións seriadas electrónicas, boletíns de noticias e listas de distribución, mensaxes electrónicas), pódese consultar:

Como citar bibliografía, en:

<http://www.uc3m.es/biblioteca/GUIA/citasbibliograficas.html>

[1 de decembro de 2006]

Tamén se pode consultar: **Referencias bibliográficas**, en:

http://bib.us.es/guias_old/referenciabib.asp

[1 de decembro de 2006].

Para documentos impresos convén ver: **Elaboración de referencias bibliográficas: documentos impresos**, en: <http://bib.us.es/guias/pdf/a2.pdf> [1 de decembro de 2006]

6. Proxectos documentais integrados¹⁵, ferramenta para desenvolver competencias lectoras e alfabetizar en información.

Co desenvolvemento habitual do currículo das áreas por medio de proxectos documentais, perséguese apoiar dende a biblioteca escolar os aspectos máis intrínsecos do currículo propiamente dito. Isto é: que, como, para que, cando ensinar e avaliar dende "unha escola que intenta transformarse a si mesma, uns profesionais da docencia comprometidos cun currículo de novo cuño que pon o acento na formación crítica dos cidadáns instruídos, na idea democrática da cultura como un elemento de enorme capacidade emancipatoria individual e colectiva, que require dunha biblioteca capaz de asumir novos e importantes papeis que van máis alá dos que habitualmente desempeña".¹⁶

¹⁵ PIQUIN, R e REI, A. Proxectos documentales integrados en la BE/CREA, ¿Qué son? ¿Cómo hacerlos? Boletín Libro Abierto, 21. Delegación Provincial de la Consejería de Educación en Málaga. Junta de Andalucía, 2005. En liña en: <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/~sptmalaga/m45b102/media/docum/libroabierto21.pdf>.

¹⁶ CASTAN, G. *Las bibliotecas escolares (soñar, pensar, hacer)* Sevilla: Díade editora, 2002. .pp.129.

Convén previamente delimitar de que estamos falando cando nos referimos a **Proxectos documentais integrados**.

Son unha forma de traballo que leva consigo un papel moi activo na aprendizaxe por parte do alumnado. Unha actitude crítica ante a información e a necesidade de desenvolver habilidades e competencias no tratamento e comunicación da información transformando esta en coñecemento.

Son investigacións levadas a cabo empregando todos os recursos documentais da biblioteca escolar, nos que non só se emprega a metodoloxía de traballo por proxectos (Kilpatrick, Dewey)¹⁷ senón que pon o acento na alfabetización en información-Alfin, favorecendo o acceso do alumnado a fontes documentais diversas, fomentando e facilitando a lectura na multiplicidade de textos e formatos que caracterizan o acceso á información actualmente e, o que é máis importante, ensinando a procesala e comunicala.

Na actualidade, a información atópase en multiplicidade de documentos. O feito de que o noso alumnado traballe directamente coa documentación serve para que aprenda a desenvolverse como persoa no seu medio social e aprenda a ser cidadán que recoñece a necesidade de informarse, que obtén a información discriminando a que é relevante da que non o é, avaliando criticamente a información sendo capaz de entender e interpretar aquilo que le, con habilidade para ler calquera tipo de texto sen importar o soporte.

Ponse de manifesto a necesidade de que o alumnado teña a capacidade de definir claramente un tema ou área de investigación; seleccionar as palabras claves que expresen o concepto ou tema de investigación para facilitar a busca; formular unha estratexia de busca que inclúa as diferentes fontes de información e que entenda as formas como estas se atopan organizadas.

E todo iso dentro do marco xeral da práctica educativa de calquera área ou materia, **sen descontextualizalo do traballo cotián propio da cultura escolar**, trátase dunha forma diferente de aprender dende unha forma máis dinámica, activa e participativa na transmisión de coñecementos.

Pero, o alumnado, tamén debe estar capacitado para analizar os datos recompilados, co fin de valorar a súa importancia, calidade e conveniencia para finalmente converter a información en coñecemento. Todo o anterior debe facilitalo o colexio, a escola ou o IES e, dentro da institución escolar, a biblioteca escolar é o lugar idóneo dende a consideración de ser **escola**, un recurso pedagóxico ao servizo do proxecto educativo

¹⁷ KILPATRICK, W.H.: *The project method [O método dos proxectos]*, Teachers college record (Nova York), vol. XIX, n.º4, setembro de 1918, pp. 319-35.

do centro, non unha entidade dentro da institución escolar, senón un espazo de
posibilidade¹⁸.

A biblioteca escolar non pode concibirse só como un equipamento máis dos centros
escolares, ao servizo da promoción da lectura, senón tamén como núcleo activo no
proxecto educativo e no proxecto curricular dos centros, como un núcleo que presta
múltiples servizos necesarios e que, á vez, é capaz de xerar ideas e accións de
cambio na escola.

Desenvolver proxectos documentais integrados/interdisciplinares é máis doado cando
son varios os profesores que, dende un seminario ou grupo de traballo, se coordinan e
organizan para levar a cabo este tipo de iniciativas na que o alumnado xoga o papel
primordial, sempre acompañado na súa aprendizaxe polo profesorado.

Pero o feito de que a situación óptima sexa o traballo en equipo non exclúe a
posibilidade de que calquera profesor ou profesora, de calquera especialidade, área
ou departamento poida formularse e levar a cabo proxectos documentais circunscritos
unicamente á súa materia, área ou especialidade.

Cando o profesorado integrante do seminario se formula o desenvolvemento dun
proxecto documental, ten en consideración que esta ferramenta:

1. Desenvolve a comprensión lectora do alumnado, posto que á necesidade de ler
engade a motivación de facer un traballo que ten un fin e un significado para el.
2. Desenvolve a capacidade de crítica, pois ten que seleccionar os contidos que
son valiosos dos que non o son.
3. Agudiza a discriminación visual, xa que no proceso de busca hai que percorrer
o texto e increméntase a velocidade de lectura e co cal se atopan as palabras
que nos dan pistas na busca.
4. Desenvolve, á súa vez, a habilidade para estruturar os contidos que foi
atopando e que previamente seleccionou.
5. Permite atoparlle sentido á tarefa de aprendizaxe. Cando se propón un tema de
proxecto o alumnado sabe que é o que trata de facer, a que responde, cal é a
finalidade que se persegue con iso... Non é o mesmo formular a continuación
na páxina seguinte do libro, que participar nun proxecto que lle permite coñecer
os obxectivos que guían as actividades para realizar.
6. Poder partir do que o alumno sabe e potencialo, valoralo, leva a favorecer a
súa autoestima. Formularlle retos que están ao seu alcance e facerlle ver os
seus logros fomenta o seu interese e faille confiar nas súas propias

¹⁸ Castan, G. *Las bibliotecas escolares (soñar, pensar, hacer)*. Sevilla. Díade Editora, 2003. pág 129.

posibilidades. Ter con el unha actitude de colaboración e axuda, faille posible ter unha imaxe máis positiva de si mesmo. Participar con outros nunha situación de aprendizaxe faille sentir unha maior confianza nas súas posibilidades e educación nunha maior autonomía e responsabilidade, ao ter que afrontar unha tarefa que sacar adiante entre todos.

7. Como contribúen os proxectos documentais integrados á adquisición de competencias básicas:

O currículo pretende responder ás novas necesidades formativas formuladas á institución escolar polo impacto da revolución causada polas tecnoloxías da información (case tan importante e radical como a revolución industrial que a precedeu), o impacto da globalización e o impacto do coñecemento científico e tecnolóxico.

Das novas formas de producir, comunicarse e organizarse da sociedade, xorden demandas formativas ao sistema escolar máis ambiciosas que no pasado, necesitando:

- maiores capacidades de abstracción e elaboración de coñecementos,
- maiores capacidades de experimentar e aprender a aprender,
- maiores capacidades de comunicarse e traballar colaborativamente,
- maiores capacidades de resolución de problemas,
- maiores capacidades de manexo da incerteza e adaptación ao cambio.

Trátase de poñer o acento na adquisición polo alumnado dunhas competencias ou capacidades válidas para calquera contexto da vida real.

A través dos proxectos documentais integrados, búscase lograr a aprendizaxe de competencias de orde superior, como son a análise, a interpretación e a síntese de información procedente dunha diversidade de fontes; de resolución de problemas; comunicación de ideas, de opinións e de sentimentos de xeito coherente e fundamentado; de traballo en equipo e adaptación ao cambio.

O rango de habilidades incluídas no termo "habilidades de información" cobre un terreo amplo dos ámbitos cognitivos do novo currículo: saber formular unha pregunta e identificar necesidades de información, relacionar a pregunta con coñecementos anexos, identificar palabras claves, frases e conceptos, organizar conceptos segundo o perfil da busca, analizar a busca dende o xeral ao particular, identificar información relevante, comprender contidos en varios tipos de medios, avaliar os recursos, interpretar, inferir, analizar información, adquirir o hábito da lectura, a importancia de pensar sobre o que len, organizar, compartir e aplicar información obxectivamente, pensar crítica e creativamente.

Destas habilidades, **as máis importantes** en termos da aprendizaxe do alumnado **son aquelas habilidades cognitivas usadas polo alumnado ao definir o propósito e realizar a lectura: a avaliación, a síntese, a escritura e a reflexión, asociadas a un traballo de indagación determinado.**

As habilidades relacionadas coa busca de fontes, sexan impresas ou outras, na biblioteca ou noutro lugar, **son habilidades necesarias pero subordinadas ás mencionadas.**

Este é un aspecto que cada vez temos máis claro no desenvolvemento cotián dos proxectos documentais integrados. Nós **tratamos de ensinar** ao noso alumnado a localizar a información e **a desenvolver destrezas de información** (*informational literacy*) mentres o están facendo, **mentres as están a empregar no contexto real dun proxecto documental integrado, nun traballo real de investigación, para asegurar a construción activa** favorecendo que o lector, o alumnado neste caso, contribúa á construción do significado que, á súa vez, lle leve a descubrir e a aprender claves sobre como se aprende transformando así esa información en coñecemento.

"Os proxectos documentais integrados son pequenos traballos de investigación nos que o alumnado traballa directamente coa documentación, aprendendo a resolver problemas e a traballar en autonomía. É un excelente instrumento para estimular novas formas de aprender, construír, acordes coa sociedade da información. Esta forma de traballo necesita da biblioteca escolar e fai que esta mostre o mellor de si mesma"¹⁹.

8. Que pasos hai que dar para elaborar un proxecto documental integrado?

É preciso insistir na **necesidade de vincular estas aprendizaxes a proxectos de traballo específicos**. Só é posible aprender a aprender mediante experiencias concretas de aprendizaxe. A penetración de novos soportes e novas tecnoloxías na biblioteca escolar é imprescindible e haberá que telo en conta ao realizar actividades. Pero o simple feito de usar as devanditas tecnoloxías non cambiará as cousas. É misión da biblioteca escolar darlle ao alumnado un sentido de coherencia nos seus estudos, un sentido de propósito, de significado, de interconexión naquilo que

¹⁹ PIQUIN, R e REI, A. *Proyectos documentales integrados en la BE/CREA, ¿Qué son? ¿Cómo hacerlos?* Boletín Libro Abierto, 21.

Delegación Provincial da Consejería de Educación en Málaga. Junta de Andalucía, 2005. En liña en; <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/~sptmalaga/m45b102/media/docum/libroabierto21.pdf> [consulta 23 -11-2007].

aprende. E unha das maneiras máis efectivas de conseguilo é a realización de proxectos documentais.

Por suposto, antes de formularse o desenvolvemento dun proxecto documental daranse unhas condicións mínimas, tanto de relación entre o alumnado coma co profesorado; posiblemente sexan necesarios uns pasos intermedios dende unha sistemática de traballo moi estruturada e dependente exclusivamente do libro de texto, sendo necesarias actividades pasarela, coas que facilitar competencias de autonomía necesarias para este tipo de traballo menos estruturado.

Hai que ser conscientes da necesidade de promover cambios importantes nas actitudes do profesorado, en canto que pasamos a ser mediadores na aprendizaxe e agora a tarefa céntrase no alumnado que, fundamentalmente desenvolverá o traballo de xeito colaborativo.

Do que se trata é que, ademais de investigar sobre un tema ou problema concreto, o alumnado e nós mesmos nos familiaricemos cos mecanismos de busca, tratamento da información e traballo intelectual.

É precisamente nese paso da información ao coñecemento no que nos é de grande axuda e guía seguir as directrices sinaladas por Wray-Lewis²⁰, co seu modelo.

EXIT

Fases do proceso	Preguntas	Estratexias didácticas
1. Activar os coñecementos previos	Que cousas sei xa sobre o tema?	Tormenta de ideas, mapas conceptuais, táboas KWLF ²¹
2. Fixar os obxectivos, determinar a materia	Que necesito descubrir e que farei coa información?	Formular preguntas, táboas KWLF
3. Localizar a información	Onde e como obterei a información?	Estratexias informacionais de busca, utilizar fontes diversas
4. Empregar unha estratexia axeitada	Como debo usar esta fonte de información para obter o que necesito?	Coñecer as características das diversas fontes Análise metacognitiva, modelada
5. Interactuar co texto	Que podo facer para comprender mellor?	Marcar o texto, recompoñelo, cambio de estilo
6. Controlar a comprensión	Que podo facer se hai partes que non comprendo?	Modelado, guías estratéxicas, táboas
7. Rexistrar datos	Que debo anotar	Modelado, esquemas de escritura,

²⁰ WRAY, D.; LEWIS, M. *Aprender a leer y escribir textos de información*. Madrid. Morata 2000.

²¹ Know, Want, Learn, Find (Saber, Querer, Aprender, onde Atopar).

	desta información?	táboas
8.Avaliar a información	Debería crer esta información?	Modelado, analizar textos con información tendenciosa
9. Reflexiono sobre o meu traballo e axudo á memoria	Que podo facer para recordar o importante?	Volver aos textos, revisar, recompoñer
10.Comunicar a información	Como farei para que os demais poidan coñecer isto?	Escribir en distintos estilos, representacións teatrais, libríños de non ficción, maquetas, blogues, web

En moitos dos casos, e para empezar, convén servirse da lectura dun libro de ficción, a recepción dunha maleta viaxeira da FGSR²², a lectura dunha noticia de actualidade na prensa diaria...

É primordial destacar a necesidade de **comunicar a información** xa que comunicar o aprendido é, en si mesmo, unha parte moi importante do proceso de aprendizaxe; o feito de ter que explicarnos ante os demais axúdanos a que nós mesmos comprendamos mellor a información, permítenos apropiarnos dela e facela nosa, transformándoa así en coñecemento.

Elaboraremos o plan de redacción último, pero o produto final pode ter moi variadas formas: un informe, un conto, unha páxina web, un museo, unha exposición, unha maqueta, unha representación, un documento de powerpoint... Trátase de presentar os achados da investigación en diversas formas para diversas audiencias.

Establécese o índice definitivo, cítanse as fontes, revísase a forma do documento (gramática, ortografía...) e o fondo (axuste/pertenza respecto ao tema formulado, epígrafes...) e procédese á revisión final que inclúe as correccións.

É interesante ver o cadro 1. O produto do traballo investigación, paxina 110 do PDF do documento *Plan de lectura, escritura e investigación de centro*. Orientacións para a súa elaboración, desenvolvemento e avaliación²³ en: <http://www.educastur.es/media/publicaciones/PLEIdeCentro.pdf> [En liña, consulta 23-11-2007].

²² Programa de colaboración entre a FGSR e as bibliotecas escolares: Lecturas de Ida y Vuelta. <http://www.fundaciongsr.es/salamanca/default.htm>.

²³ Dirección Xeral de Políticas Educativas e Ordenación Académica. Servizo de Formación do Profesorado, Innovación e Tecnoloxías Educativas. PLAN DE LECTURA, ESCRITURA E INVESTIGACIÓN DE CENTRO. Orientacións para a súa elaboración, desenvolvemento e avaliación. Consellería de Educación e Ciencia. Dirección Xeral de Políticas Educativas e Ordenación Académica. Servizo de Formación do Profesorado, Innovación e Tecnoloxías Educativas. Oviedo, 2007.

No que se refire a cuestións organizativas que hai que ter en conta á hora de abordar un proxecto documental integrado son as seguintes:

- Uso dos espazos e a súa organización. Traballo na biblioteca escolar, na aula, na biblioteca pública, na aula de informática, na aula de usos múltiples...
- Organización do tempo. Haberá que intentar levar unha planificación mínima respecto do número de horas que se lle pode dedicar ao proxecto, sinalando unha temporalidade que nos obriga a todos a non nos dispersar.
- Organizar minimamente os recursos e as fontes de información poñéndoas ao alcance do alumnado, propoñendo ou contemplando as propostas de recursos do propio alumnado...
- A organización do traballo, considerando que existen tarefas que se realizan en gran grupo, outros en pequeno grupo e outros de forma individual.
- Considerar tanto a autoavaliación do propio alumnado como a avaliación do proceso e os resultados. Tratarase de avaliar todos os elementos do proxecto:
 - A elección do tema.
 - A intervención do profesorado en todas as fases do proxecto.
 - A participación do alumnado, das adquisicións e dos que foron aprendendo no proceso do proxecto...

É moi importante dedicar tempo, co alumnado, para aprender a citar correctamente as fontes bibliográficas e para acostumarse a cumprir os estándares en canto á presentación de traballos.

ALGÚNS DOS NÓSOS PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS

Idade Media-Terra Media. Proxecto documental integrado para o primeiro ciclo de ESO [en liña].

<http://www.juntadeandalucia.es/averroes/~sptmalaga/m45b102/media/docum/libroabiertoto21.pdf> pp. 11-14.

Proxectos documentais integrados: unha experiencia tecnolóxica entre bibliotecas e escolas [en liña] <http://travesia.mcu.es/documentos/rpiquin.pdf>.

Que pinto eu en todo isto? Velázquez e Cía [en liña].

<http://congresos.cnice.mec.es/ceiie/area3/documentacion/comunicaciones/html/3comunicacion05.html>.

Proxecto documental: os transportes na biblioteca escolar [en liña].

https://web.educastur.princast.es/cpr/oviedo/abareque/anteriores/abareque2/exp_proyectos.htm.

Proposta para celebrar o 250 aniversario de Mozart dende a BE-CREA [en liña].

http://web.educastur.princast.es/proyectos/abareque/upload/web/parrafos/00034/docs/aniversario_mozart.pdf.

Oito semanas e media para ler, rir, investigar e aprender. Proxecto documental integrado [en liña].

http://www.plec.es/archivos/experiencias/ocho_semanas_y_media_para_leeer_cpPablo_glesias.pdf.

CONSULTAS IMPRESCINDIBLES

ABAREQUE, Revista temática de bibliotecas escolares.

<http://www.abareque.es>.

Andreu, L. *A formación de alumnos de educación secundaria en habilidades de información.* En:

<http://w3.cnice.mec.es/recursos2/bibliotecas/html/encuen/art2.htm>.

Benito Morales, F. *A educación documental na biblioteca escolar.*

<http://w3.cnice.mec.es/recursos2/bibliotecas/html/encuen/art3.htm>.

-----: *Novas necesidades, novas habilidades. Fundamentos da alfabetización en información [en liña].* <http://eprints.rclis.org/archive/00004672/02/EMPEUicap1.pdf>.

Bernhard, P. (2000). *A formación no uso da información. Unha vantaxe na educación superior.* <http://www.um.es/fccd/anales/ad05/ad0522.pdf>.

Declaración de Toledo

http://travesia.mcu.es/S_Alfín/ficheros/Declaracion_Toledo.pdf.

Gómez Hernández, J.A. (2005). *Alfín: Alfabetización informacional. Recursos e ideas sobre cultura da información e novas alfabetizacións.* <http://alfin.blogspot.com/>.

Guertin, Hélène. et al. (2004) *Checher pour trouver: L'espace deas élèves.* <http://www.ebsi.umontreal.ca/jetrouve/>.

O método de proxectos como técnica didáctica.

<http://www.sistema.itesm.mx/va/dide/documentos/inf-doc/proyectos.PDF>.

O papel da biblioteca escolar nunha sociedade complexa

<http://bibliotecas.grupo-sm.com/recursos/contenidos/cuaderno01a.htm>.

Para chegar a ser un experto en información, para alumnos de primeiro curso de educación secundaria, desenvolvido por Glòria Durban e traducido por Ana Monte, en: <http://www.bibliotecaescolar.info/actividades/indice>.

Páxina creada para os bibliotecarios escolares do mundo hispano

<http://www.geocities.com/crachilecl/>.

Os proxectos de traballo: a necesidade de novas competencias para novas formas de racionalidade.

<http://www.bib.uab.es/pub/educar/0211819Xn26p39.pdf>.

Recursos sobre bibliotecas escolares.

<http://w3.cnice.mec.es/recursos2/bibliotecas/>.

Transformación da biblioteca escolar en centro de recursos para o ensino e a aprendizaxe.

<http://www.juntadeandalucia.es/averroes/~sptmalaga/m45b102/media/docum/0101transformacionbe.pdf>.

OUTRA BIBLIOGRAFÍA

Association for Teacher-Librarianship in Canada (ATLC) (1995). *Carta dos Dereitos alumno na era da información. En Educación e Biblioteca, 91.* En:

http://www.fundaciongsr.es/pdfs/bd_proyecto_general.pdf.

Calvo, M. *Para saber máis facémonos detectives.* Aula Libre, n.º 76. [en liña]

<http://web.educastur.princast.es/proyectos/abareque/scripts/investigamos.php?leer=67>.

Declaración de Praga: Cara a unha sociedade alfabetizada en información.

<http://www.cult.gva.es/dglb/images/DeclaraciondePragaAlfabetizacionInformacional2003.pdf>.

Doc.E- Documentos de Educación.

<http://www.eurosur.org/DOCE/>.

Gómez Hernández, J. A. En: *Estratexias e modelos para ensinar a usar a información.* Murcia, KR.

<http://gti1.edu.um.es:8080/jgomez/hei/intranet/tema1y2.pdf>.

Les 6 étapes d'un projet de recherche. (1997). Ministerio de Educación Québec.

<http://pages.infinet.net/formanet/cs/tab12.html#taches>.

HERNÁNDEZ, F. "A globalización mediante proxectos de traballo". En: *Cadernos de pedagogía* n.º 185, pp.12-14,1988.

HERNÁNDEZ E VENTURA.: *A organización do currículo por proxectos de traballo.* Barcelona: Graó,1992.

MARQUÉS, P. *As salas de estudio multiuso con ordenadores e conexión á internet: o ámbito ideal para o traballo autónomo dos estudantes.* En: *Cambios nos centros docentes.*

En liña, en: <http://dewey.uab.es/pmarques/perfiles.htm>.

MEC (1996). Documento marco: *a biblioteca escolar no contexto da reforma educativa.* Madrid, MEC.

<http://www.cnice.mecd.es/recursos2/bibliotecas/html/01documarco.htm>.

----- (1997) I Encontro Nacional sobre Bibliotecas Escolares. Madrid, MEC
<http://www.cnice.mecd.es/recursos2/bibliotecas/html/encuen/02encuen.htm>.

UNESCO. (1996) *A educación encerra un tesouro: informe Comisión Internacional sobre a educación para o século XXI*, presidida por Jacques Delors. Madrid: Santillana. http://www.unesco.org/delors/delors_s.pdf.

